

**Acta núm. 05/2021.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 2 de marzo de 2021.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Carlos Noya Pereira.
José Luis Sampedro Bouzas.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebra Gómez

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 2 de marzo de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 04/2021, DO 23.02.2021.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 5º) CAMBIO DE TITULARIDADE DE VADO PERMANENTE.
- 6º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 04/2021, DO 23.02.2021.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 23.02.2021, acta núm. 04/2021.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Pablo Xosé Pouso Iglesias, que di actuar en representación de JOSE LUIS SANTOS SÁNCHEZ, na que comunica que vai acondicionar unha nave existente en San Salvador, para destinala a taller de reparación de maquinaria agroforestal, segundo proxecto de actividade e acondicionamento para taller de reparación de maquinaria agroforestal, redactado polo arquitecto técnico Pablo Xosé Pouso Iglesias.

O acondicionamento pretendido é para manter o uso preexistente, industrial, categoría 2, situación C, que contaba con licenza para a súa construción outorgada pola Comisión de Goberno o 27.12.1988.

A nave onde se van realizar as obras (referencia catastral 7724112NH2472N0001RY) sitúase en solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC1.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Unha vez rematadas as obras de acondicionamento do local, con carácter previo ao inicio da actividade, deberá presentar a oportuna comunicación previa de actividade, de acordo co establecido ao respecto pola Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, acompañando a seguinte documentación:

1. Documento acreditativo do final de obra asinado polo redactor do proxecto de acondicionamento.
2. Informe favorable da empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de auga potable e saneamento (Espina & Delfín).

3. Certificado homologado da medición de ruídos.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 88,55 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 122,83 euros.

Total: 211,38 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL CARMEN QUINTELA ARCA, na que comunica que vai realizar obras de conservación dun peche de pedra en mal estado situado en Adoufe 8, Os Ánxeles, limpando, encintando e retirando a cubrición do portal de acceso. O peche sitúase en contacto co vial, a menos de 4 metros do eixo da vía.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6855406NH2465S0001OG), atópase sobre un ámbito de solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1), e sitúase na aldea integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como AE1 e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 15,64 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 80,21 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por BARBARA SANTOLARIA MONTES, na que comunica que vai construír un peche de delimitación das zonas comúns na Urbanización Balado 35, baixo B, Os Ánxeles, de aproximadamente 6 metros de lonxitude, e unha porta metálica de acceso, similar ao peche existente no resto da urbanización.

A parcela onde se van realizar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC-3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 12,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 76,57 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL CARMEN CASTRO PÉREZ, na que comunica que vai reparar a cuberta do alpendre sito en Guisande 21, Os Ánxeles, substituíndo a tella existente en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento do mesmo.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6431315NH2463S0001QR), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1), e sitúase nunha aldea integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como AE3, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 92,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 156,57 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Marina Vigo Formoso, que di actuar en representación de ROSENDO VIGO IGLESIAS, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta, a máis de 3 metros dos lindeiros, en Riazos 6, Brión.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 5760410NH2456S0000XR) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- A piscina situarase mínimo a 5 metros do eixe do vial público.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 283,17 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 347,74 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANDRÉS JIMÉNEZ POMBO, na que comunica que vai cubrir un espazo descuberto de 3 metros de ancho x 5 metros de largo, entre a vivenda e o lindeiro, a modo de patio, en Liñares 47, Brión.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 5850321NH2455S0001WA) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural en áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- A cubrición non superará en altura o muro medianeiro existente e as augas serán recollidas no interior da parcela.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 30,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 94,57 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIO REY BATALLA, na que comunica que vai construír un peche 98 metros de lonxitude aproximadamente, de separación co lindeiro norte, con fábrica de mampostería de pedra, en Gundín 26, Os Ánxeles.

A parcela na que se vai construír o peche (referencia catastral 5342503NH2454S0001OJ) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- A altura máxima do peche de fábrica de mampostería será de 1,80 metros medidos desde a rasante natural do terreo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 80,46 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 145,03 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALBERTO SEAGE TOMÉ, na que comunica que vai construír un peche de parcela en contacto coa vía pública, de aproximadamente 33 metros lineais, con bloque de formigón en cor ata unha altura de 1,20 metros, medidos desde a rasante natural do terreo, e reixa metálica por enriba, en Gundín 27, Os Ánxeles.

A parcela na que se vai construír o peche (referencia catastral 5342504NH2454S0001KJ) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- O peche en contacto coa vía pública situarase a 4 metros do eixe do vial e formará un espazo de resío, segundo plano de situación do proxecto de execución visado o 19.08.2019 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (expte.1904424), segundo o cal se lle concedeu licenza para construír unha vivenda na Xunta de Goberno Local o 24.09.2019.

.- A altura total do muro de peche será máximo de 1,80 metros, medidos desde a rasante natural do terreo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 64,35 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 128,92 euros.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de ROSA MARÍA RIAL FERNÁNDEZ, na que solicita licenza para arranxar a instalación dunha canalización subterránea de pluviais executada na zona de cesión (vial público), colocando unha arqueta, en Guitiande 53, Os Ánxeles.

A zona de cesión na que se pretende executar a obra sitúase diante da parcela con referencia catastral 7350355NH2475S0000HK, clasificada como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obra solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 3,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 67,57 euros.

CUARTO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por SONIA VÁZQUEZ PEROL, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar en Coruxido 54, Bastavales. A Xunta de Goberno Local do 25.10.2017, concedeu licenza de obra a Sonia Vázquez Perol para construír unha vivenda unifamiliar en Coruxido 54, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Pablo Castro Pais, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 06/07/2017 e documentación complementaria presentada o 24/07/2017 (r.e. 3230) e o 11/10/2017 (r.e. 4812) con visado de data 01/10/2017.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto Pablo Castro Pais, visado no Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos o 05.11.2020, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

QUINTO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MANUELA ROMERO CAAMAÑO, na que solicita cambio de titularidade do vado permanente núm. 2012/01, situado na Avd. dos Ánxeles, 34C, Os Ánxeles, concedido pola Xunta de Goberno Local do 02/05/2012 a nome de José Antonio García García.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de vado permanente núm. 2012/01, situada na Avd. dos Ánxeles 34C, Os Ánxeles, a nome de Manuela Romero Caamaño.

SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González